

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Zas (Plan PREMADECOR)

ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria celebrada o día 28 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión do Concello de Zas ao Plan PREMADECOR, 3º GRAO, asumindo esta Deputación no referente aos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), as funcións de avaliación de riscos, seguimento de medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia do Concello delegante.

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento, indicándose no anuncio que contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación (artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.). E previamente poderase interpor recurso de reposición, ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación, sen que se poidan simultanear ambos os dous recursos (artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.). Tamén se poderá presentar calquera outro recurso que se estime procedente.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 1 de xullo de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria xeral,

Amparo Taboada Gil

2024/4659